

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN GALEGA DE ATENCIÓN TEMPERÁ, PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DUN PROGRAMA DE INTERVENCIÓN EN ATENCIÓN TEMPERÁ DESTINADO A NENOS E NENAS DE 0 A 6 ANOS CON TRASTORNOS DO DESENVOLVEMENTO OU EN RISCO DE PADECELOS E ÁS SÚAS FAMILIAS PARA O EXERCICIO 2025

Lugar e data da sinatura dixital

REUNIDAS

Dunha parte:

Dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade , actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Igualdade , no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, no Decreto 44/2024, do 14 de abril, do seu nomeamento, no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte:

Don Jaime Alejandro Ponte Mitelbrun, presidente da Asociación Galega de Atención Temperá, con [REDACTED], que actúa en nome e representación da entidade co NIF G15611684, de acordo co nomeamento de data 26/05/2022 outorgado segundo o disposto no artigo 14 dos seus estatutos, como así consta no rexistro de asociacións.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas

EXPOÑEN

I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

II. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

III. Que a Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade, conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade.

IV. Que a Asociación Galega de Atención Temperá, entidade de natureza asociativa, figura inscrita no Rexistro de asociacións có número 2004/7748-1 tendo como fins primordiais recoller as experiencias propias e alleas no campo da atención temperá, facilitar a reflexión e debate profesional, divulgar as novidades tecnolóxicas e metodolóxicas e achegar ás familias todos os coñecementos e medios para ofrecerlles aos nenos e nenas con déficits ou con risco de padecelos, un conxunto de accións optimizadoras e compensadoras que faciliten a súa axeitada maduración en todos os ámbitos e que lles permita acadar o máximo nivel de desenvolvemento persoal e de integración social.

A entidade figura recoñecida e inscrita como entidade de iniciativa social no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais có número E-1054.

Para cumprir cos seus fins, esta entidade dispón, entre outros medios, de unidades destinadas a prestar atención temperá a nenos e nenas de 0 a 6 anos e atención ás súas familias como apoio ao proceso de desenvolvemento normalizado dos e das menores.

V. Que é do interese da Consellería de Política Social e Igualdade promover, a través da Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, aquelas iniciativas desenvoltas polas entidades de iniciativa social, neste caso ao programa de intervención da Asociación, orientadas a ofrecer asistencia, asesoramento e atención ás familias con nenos e nenas con trastornos no desenvolvemento e/ou risco de padecelos, con idades comprendidas entre 0 e 6 anos, momento a partires do cal estes poden e deben ser incorporados e incorporadas á rede de recursos públicos, xa sexan de carácter educativo, sanitario ou social, en función das situacións individuais



familiares que teñan, para cuxa incorporación contarán co apoio da rede galega de atención temperá e do equipo que viñera prestando a atención.

Esta intervención de atención temperá complementarase coa atención sectorial que os menores e as súas familias ou titores recibirán dende os ámbitos sanitario e educativo, provéndoos da necesaria coordinación interinstitucional e ao mesmo tempo dunha dimensión comunitaria, preventiva, integradora e multidisciplinar, así como implementar esta nos aspectos evolutivos, de promoción da autonomía, psicolóxicos e psicopedagóxicos.

VI. Que conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos artigos 36 a) e no artigo 37 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Galega de Atención Temprá aparece expresamente reflectida no estado de gastos dos orzamentos da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2025 como beneficiaria individualizada así como o obxecto subvencionado e a súa dotación orzamentaria.

Así mesmo, as actuacións obxecto dos programas subvencionados a través deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira; a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade que asume o seu órgano de dirección, a Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, segundo o previsto no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, que concretamente no seu artigo 21, prevé a competencia da Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade para a proposta, o impulso, a elaboración das bases, e a tramitación dos procedementos de concesión e seguimento das axudas e subvencións a través da concesión directa ás entidades prestadoras de servizos sociais no ámbito da discapacidade; e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.

Por todo o exposto as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para a concesión directa dunha subvención destinada a levar a cabo un programa de intervención en atención temperá

destinado a nenos e nenas de 0 a 6 anos con trastornos do desenvolvemento ou en risco de padecelos e ás súas familias, con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. *Obxecto*

O obxecto do presente convenio é contribuír ao financiamento, por parte da Consellería de Política Social e Igualdade, dun programa de intervención en atención temperá da Asociación Galega de Atención Temperá destinado a nenos e nenas de 0 a 6 anos con trastornos do desenvolvemento ou en risco de padecelos e ás súas familias no ano 2025.

O programa integra o conxunto de actuacións que se referencian na carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, establecida no Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, e desenvolveranse no marco do modelo de actuación que se contempla no Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá.

O programa lévase a cabo nas Unidades de Desenvolvemento Infantil e Apoio Familiar da Asociación Galega de Atención Temperá, que están localizadas nas comarcas do Deza, do Salnés Norte, do Salnés Sur e de Bergantiños, e inclúe apoio técnico e psicosocial ás familias das e dos menores usuarios, en concreto:

- Detección e prevención precoz dos trastornos do desenvolvemento e das situacións de risco de padecelos.
- Valoración e intervención interdisciplinaria a través das fases de acollida, valoración, intervención e avaliación.
- Identificación e rexistro do trastorno do desenvolvemento, competencias persoais, factores contextuais, barreiras e facilitadores para o progreso na autonomía persoal e a inclusión social.
- Elaboración e seguimento dun plan personalizado de intervención e formulación coa familia dunha programación de actividades e apoios específicos, incluíndo a formación, información e apoio emocional.

- Estimulación e desenvolvemento activo do neno/a na súa contorna e nos aspectos afectivo-emocionais, sensorio-motrices, cognitivos, de xogo, da comunicación e da linguaxe, tendo sempre en conta as súas necesidades e prioridades evolutivas.
- Coordinación cos recursos dos servizos sociais, educativos e sanitarios relacionados cos procesos referidos. Apoio e asistencia técnica aos centros educativos e sociais.
- Creación dos espazos de autoaxuda, intercambio de información, sentimentos, expectativas, dificultades, entre outros.

No deseño e desenvolvemento dos programas e das actividades a subvencionar a través do presente convenio incorporárase de xeito transversal o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e terase en conta a perspectiva de xénero no seu deseño e execución.

SEGUNDA. Obrigas e documentación

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria presentará, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto coa descrición das actuacións do programa a desenvolver, a seguinte documentación:

- a) Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións** solicitadas ou concedidas para o mesmo programa e actuacións, ou de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.
- b) Declaración responsable**, subscrita pola persoa representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- c) Presentación dun método de imputación** de custos indirectos.

TERCEIRA. Relación laboral

Para levar a cabo os obxectivos e fins do programa e actuacións a subvencionar a través deste convenio a entidade beneficiaria poderá contratar, con cargo ao orzamento previsto no presente convenio, o persoal que no seu caso, precise para o desenvolvemento das actuacións do programa citado.

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual

ningunha entre a Consellería de Política Social e Igualdade e as persoas que realicen as actuacións que forman parte do referido programa de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento.

CUARTA. Orzamento

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións do programa que ten previsto desenvolver a Asociación Galega de Atención Temperá é de 735.926,00€.

Para o cumprimento do programa e actuacións relacionados na cláusula primeira deste convenio a Consellería de Política Social e Igualdade achegará **setecentos trinta e cinco mil novecentos vinte e seis euros (735.926,00€)**, que serán imputados á aplicación orzamentaria **08.04.312E.481.2** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

QUINTA. Gastos imputables

1. O importe da subvención destinarase a cubrir os gastos efectivamente realizados pola entidade e relativos a gastos de persoal e gastos correntes necesarios para o desenvolvemento das actuacións do programa recollidas na cláusula primeira. Para estes efectos, consideraranse gastos subvencionables, conforme ao previsto no artigo 29 da Lei de 9/2007, do 13 de xuño, e tal como se recolle na memoria económica, os seguintes:

- a) Gastos de persoal: custes salariais e de seguridade social do persoal necesario para a realización das actuacións do programa a subvencionar ata un límite de 43.612,00€/ano por persoa traballadora a xornada completa. As retribucións acomodaranse proporcionalmente á xornada que se desenvolva no caso de que a prestación de servizos sexa a tempo parcial.
- b) Gastos de axudas de custo e desprazamentos do persoal imputable ao desenvolvemento das actuacións do programa a subvencionar que deberán ser moderados ata o límite establecido nas compensacións establecidas para o persoal da administración pública autonómica.
- c) Gastos en bens consumibles sempre que estean relacionados coas actuacións do programa obxecto da subvención.
- d) Gastos xerais de natureza corrente necesarios para o desenvolvemento das actuacións do programa subvencionado: enerxía eléctrica, auga, combustible (se non



están incluídos no alugueiro), comunicacións, limpeza, seguridade, seguros de responsabilidade civil.

e) O alugueiro dos locais nos que se desenvolvan as actuacións do programa subvencionado a través deste convenio .

f) Os financeiros, incluídos os gastos e xuros derivados de créditos bancarios formalizados coa finalidade de dispoñer de efectivo para a realización do obxecto da subvención concedida mentres non sexa aboada pola Administración, de asesoría xurídica ou financeira, gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización das actuacións do programa subvencionado así como os de administración específicos, se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución desta.

2. Polo que se refire aos custos indirectos establecerase e xustificarse a fracción do custo total que se considere imputable á actividade subvencionada segundo a aplicación dun método xusto e equitativo que debe constar por escrito e previamente a realización dos gastos.

SEXTA. *Compatibilidade con outras axudas*

A axuda prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

SÉTIMA. *Forma de pagamento*

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria, nas seguintes condicións:

a) Efectuarase, un pagamento do 80% da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.

b) O 20% restante farase efectivo unha vez rematadas todas as actividades do do programa, aportando a documentación prevista na cláusula oitava do convenio.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da entidade beneficiaria, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como de que non é debedora por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento, no seu caso.

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas nos apartados anteriores, a entidade beneficiaria da subvención queda exonerada da constitución da garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

OITAVA. *Xustificación de gastos*

1. Considerarase efectivamente pagado o gasto realizado cando se xustifique mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados, e asinados pola entidade beneficiaria. No suposto de que o xustificante do pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas. No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao programa subvencionado, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, orde de pagamentos da entidade selada polo banco ou recibín da persoa provedora.

Para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000,00 euros poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante recibín da persoa provedora.

2. A presentación da **conta xustificativa** levarase a cabo unha vez rematadas todas as actuacións subvencionables a través do convenio, achegando a seguinte documentación, conforme ao previsto nos artigos 48 e 50 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro:

a) Unha **memoria final das actuacións desenvolvidas** en execución do programa subvencionado por este convenio, con indicación das actividades realizadas, datas de inicio e finalización das mesmas, resultados obtidos e valoración cuantitativa e cualitativa dos mesmos, número de persoas beneficiarias en cada actividade

desagregadas por sexo e tramos de idade (de 0 a 3 anos e de 4 a 6), patoloxía, localidade, zona rural ou urbana e demais aspectos que se consideren relevantes.

Incluirá a avaliación e explicación do desenvolvemento do programa, con mención dos servizos realizados, metodoloxía aplicada, demanda atendida, recursos humanos utilizados e outros aspectos de interese.

Na realización de calquera das actuacións formativas deberá achegarse a documentación acreditativa da actividade realizada (convocatoria, sinaturas de asistentes, documentación entregada, etc.), así como unha memoria xustificativa da mesma.

b) Unha **memoria económica xustificativa abreviada do custo das actividades realizadas**, que conterá:

1.º Unha relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos, con identificación da persoa acreedora e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento. No caso dos gastos realizados con medios ou recursos propios, indicaranse os criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación.

2.º Unha relación na que figuren os gastos derivados dos desprazamentos efectuados para levar a cabo os servizos que presta a entidade. En dita relación especificarase o nome e apelidos das persoas que realicen os gastos por desprazamentos que se imputan por este concepto así como os días en que se realizaron os desprazamentos obxecto da xustificación, motivo da viaxe e lugar de reunión.

3.º Especificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas pola entidade.

4.º Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada obxecto deste convenio, con indicación do importe e a súa procedencia, xa sexa de entes públicos ou privados.

5.º Os 3 orzamentos solicitados pola entidade beneficiaria, no suposto de gastos de importe superior a 15.000 euros, de acordo co establecido no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

6.º Se fose o caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.

3. A revisión da parte da conta xustificativa integrada polas facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia na letra b) do número anterior e a documentación acreditativa do pagamento será efectuada por unha persoa auditora de contas inscrita como exercinte no Rexistro Oficial de Auditores de Contas dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, designada pola entidade beneficiaria.

A estes efectos, aportarase o informe da revisión efectuada pola referida persoa auditora de contas, que se estenderá á totalidade da conta xustificativa, e que como mínimo deberá deixar constancia dos seguintes extremos:

- a) Adecuación da natureza do gasto xustificado, tanto en relación ás actuacións subvencionadas do programa previstas na cláusula primeira, como en relación aos conceptos de gasto considerados como subvencionables especificados na cláusula quinta, con indicación daqueles gastos que non respondan a esta.
- b) Verificación da relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos citada na letra b) do número 2, conforme coincide coa documentación xustificativa destes e coa documentación acreditativa do seu pagamento, con indicación dos reparos correspondentes.
- c) Indicación do importe, desagregado por partidas e global, correctamente xustificado, tanto en relación á xustificación do gasto como do seu pagamento, conforme ás previsións contidas nas cláusulas sétima e oitava.
- d) Verificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas.
- e) Verificación do importe global percibido pola entidade como ingresos en concepto de subvencións, tanto de entes públicos como privados, e aplicado o financiamento das actuacións do programa subvencionable a través do convenio, e que este non supera o gasto total xustificado.

A Asociación Galega de Atención Temperá estará obrigada a pór a disposición da persoa auditora de contas cantos libros, rexistros e documentos lle sexan esixibles en aplicación do disposto no artigo 11.f) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como a conservalos co obxecto das actuacións de comprobación e control previstas na lei.

O gasto derivado da revisión da conta xustificativa poderá ter a condición de gasto subvencionable.

4. En todo caso o prazo para a presentación da conta xustificativa da subvención deste convenio rematará o día **10 de decembro de 2025**. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. Excepciónase desta previsión a presentación da documentación xustificativa do pagamento das nóminas de decembro, documento de Relación Nominal de Traballadores (RNT) e documento de Relación de liquidacións de cotizacións (RCL), de novembro e decembro, e IRPF correspondentes ao cuarto trimestre do ano 2025, que se presentará mediante addenda ao informe da auditoría na primeira quincena de febreiro de 2026.

5. Toda a documentación xustificativa dos gastos a subvencionar a través deste convenio deberá ser asinada pola persoa representante da entidade Asociación Galega de Atención Temperá.

NOVENA. Subcontratación

A Asociación Galega de Atención Temperá é a beneficiaria directa da concesión da subvención obxecto deste convenio, asumindo a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. Non obstante, autorízase a subcontratación da execución total ou parcial de actividades, ata unha porcentaxe do 50 por cento dos medios de apoio precisos para a debida execución das actividades programadas, de acordo co recollido na memoria económica.

A Asociación Galega de Atención Temperá, no seu caso, comunicará a subcontratación á Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social e Igualdade. A estes efectos será de aplicación o establecido no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

DÉCIMA. Obrigas da entidade beneficiaria

1. En cumprimento do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, son obrigas da entidade beneficiaria:

a) Cumprir os requisitos para obter a condición de entidade beneficiaria estipulados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

b) Cumprir todos e cada un dos obxectivos e actuacións do programa, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir cos compromisos asumidos con motivo desta. Noutro caso procederá o reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos no convenio



- c) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade do presente convenio.
- d) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedente así como a calquera outra actuación de comprobación ou control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios.
- e) Comunicarlle ó órgano que concede a subvención, antes da xustificación, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades obxecto do convenio, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión do mesmo.
- f) Acreditar que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a seguridade social e que non está pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da comunidade autónoma.
- g) Dispoñer de libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados, nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria.
- h) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos en tanto poidan ser obxecto de actuacións de comprobación e control.
- i) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actuacións do programa obxecto da concesión da subvención a través do convenio e nos lugares onde estas se realicen: "subvencionado pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade", co seu respectivo logotipo.
- j) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- k) Así mesmo, de acordo co artigo 14.k) da citada lei, facilitará toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

2. Asemade a entidade deberá cumprir a obriga de subministro de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA. *Incumprimentos, reintegros e sancións*

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento das actuacións subvencionables a través do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os intereses de demora correspondentes.

Entenderase incumplida a obriga de xustificar cando a Administración, nas súas actuacións de comprobación ou control financeiro, detectase que na xustificación realizada pola entidade beneficiaria se inclúsen gastos que non respondesen á actividade subvencionada, que non supuxesen un custo susceptible de subvención, que fosen xa financiados por outras subvencións ou recursos, ou que se xustificasen mediante documentos que non reflectiran a realidade das operacións.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o apartado anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política social e Igualdade poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumplida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do obxecto subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% da actividade obxecto da subvención, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus intereses de demora.

Á entidade beneficiaria da subvención concedida en virtude deste convenio, seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Título VI do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

DÉCIMO SEGUNDA. *Vixencia*

O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2025.

Non obstante, os gastos das actuacións subvencionadas a través do presente convenio que realizase Asociación Galega de Atención Temperá a dende o 1 de xaneiro de 2025, tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Igualdade.

DÉCIMO TERCEIRA. *Obrigas da publicidade*

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMO CUARTA. *Información básica sobre protección de datos persoais*

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de

datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarios, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de->

dereitos. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DÉCIMO QUINTA. *Comisión de seguimento*

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representados as partes asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dous representantes da Asociación Galega de Atención Temperá, designados polas persoas que representen a cada unha das partes así como os seus suplentes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Administración designada polo persoa titular da Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade.

A persoa que ocupe a secretaría, así como a súa suplencia será unha persoa adscrita á Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, designada pola persoa que asuma a Presidencia, que actuará con voz pero sen voto.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO SEXTA. *Réxime xurídico*

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

A administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.



As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa, cabendo contra elas recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a resolución fora expresa no prazo de un mes. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fora expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes no lugar expresado e na data da sinatura dixital.

A conselleira de Política Social e
Igualdade.

O presidente da Asociación Galega
de Atención Temprá

Fabiola García Martínez

Jaime Alejandro Ponte Mitelbrun